



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Protección de datos e relacións laborais

CONVOCATORIA: Convocatoria DPD 2

GRUPO: Cursos TIC convenios AMTEGA

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	60
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2022
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 05/08/2022 - 09:00h ao 29/08/2022 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Os participantes nesta actividade formativa adquirirán os coñecementos e competencias necesarias en relación con aqueles aspectos da regulación laboral e estatutaria que inciden na normativa en materia de protección de datos persoais, a fin de afondar nas obrigas que o responsable do tratamento dos datos persoais deberá cumprir en relación coas persoas traballadoras e empregadas e empregados públicos, coñecer o alcance do control laboral sobre as persoas traballadoras e os seus límites e distinguir a incidencia de determinados tratamentos e o posible impacto nos dereitos das persoas traballadoras.

DESTINATARIOS

Poderán participar nesta actividade formativa as persoas nomeadas como delegados/as de protección de datos nas Consellerías da Xunta de Galicia, en entidades dependentes, órganos estatutarios ou na Amtega (tanto o titular como o suplente).

As persoas que estea previsto sexan nomeadas como delegados/as de protección de datos nos ámbitos anteriores, xa sexa como titular ou como suplente.

As persoas que colaboren habitualmente cos delegados/as de protección de datos nomeados, formando parte do equipo de apoio a estes, nos ámbitos indicados anteriormente.

PROGRAMA

1. Conceptos en materia de protección de datos.
2. Protección de datos nos procesos de selección.
3. Contratación de empregados e toma de posesión.
4. Garantía dos dereitos dixitais.
5. Datos de saúde das persoas traballadoras.
6. Whistleblowing e compliance.
7. Órganos de representación e dereito sindical.
8. Transmisión de datos.
9. Novas tecnoloxías na relación laboral e estatutaria.
10. Extinción da relación laboral.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

As persoas solicitantes serán seleccionadas de acordo coa seguinte orde de preferencia:

- 1) Persoas nomeadas como delegados/as de protección de datos nas Consellerías da Xunta de Galicia, en entidades dependentes, órganos estatutarios ou na Amtega. Inclúese tanto a persoa DPD titular como a suplente.
- 2) Persoas que estea previsto sexan nomeadas como delegados/as de protección de datos nas Consellerías da Xunta de Galicia e en entidades dependentes, órganos estatutarios ou na Amtega, xa sexa como titular ou como suplente.
- 3) Persoas que colaboren habitualmente cos delegados/as de protección de datos nomeados, formando parte do equipo de apoio a estes, nos ámbitos indicados anteriormente.

As persoas indicadas na base primeira serán ordenadas de acordo cos criterios selectivos que son os sinalados con carácter xeral na Resolución do 4 de xaneiro de 2008 pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (DOG núm. 7, do 10 xaneiro).

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 22/09/2022 a 31/10/2022

NUM. PRAZAS: 15

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 31/10/2022

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE